

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 12 DE AGOSTO DE 2005

CONCORRENTES

Presidente:

Don Juan Antonio Maceiras Barros (CIM)

Concelleiros

Don Jesús Veiga Sabín (PP)

Don José Manuel Rodríguez Vidal (CIM)

Dona Eva María Vilariño González (CIM)

Don Juan José Herva Mallo (PP)

Dona María Rosario Manso López (CIM)

Don Antonio Medín Pena (PP)

Don José Paz Tenreiro (PP)

Don Manuel José Pérez Martínez (PP)

Don Luis Purriños Pena (CIM)

Don Miguel Anxo Abreira Sobrado (BNG)

Don Antonio Cortizas Rodríguez (PSOE)

Secretario:

Don Francisco Mateos Sastre

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño, ás trece horas e trinta e cinco minutos do día doce de agosto de dous mil cinco, logo da convocatoria para o efecto en legal forma, reúnese o Pleno deste Concello, en sesión pública ordinaria.

Preside o Sr. alcalde titular don Juan Antonio Maceiras Barros e asisten os seguintes concelleiros: Don Jesús Veiga Sabín; Dona Eva María Vilariño González; Don José Manuel Rodríguez Vidal; Don Juan José Herva Mallo; Don Luis Purriños Pena; Dona María Rosario Manso López; Don José Paz Tenreiro; Don Manuel José Pérez Martínez; Don Antonio Medín Pena; Don Miguel Anxo Abreira Sobrado e Don Antonio Cortizas Rodríguez

Non asiste á sesión o concelleiro Don José Manuel Laya Carril.

Dá fe do acto, o secretario titular don Francisco Mateos Sastre.

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Aberta a sesión pola Presidencia e non habendo observacións á acta da sesión anterior, correspondente ao día 15 de xuño de 2005, queda aprobada por unanimidade.

2.- RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.- Dáse conta e queden informados das resolucións dictadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria números 378/05 a 543/05 ambas incluídas, que estiveron a disposición dos señores concelleiros dende a convocatoria da sesión, así como os decretos de gastos números 21/05 ó 23/05 ambos incluídos.

3.- CONSTITUCIÓN COMISIÓN INFORMATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO URBANÍSTICO DO PIÑEIRO.- Dáse lectura íntegra á seguinte resolución da Alcaldía: "O Plan Xeral de Ordenación Urbana de Miño (PXOM) debidamente aprobado e en vigor, contempla como solo urbanizable (S. URBLE R-3), o sector de Piñeiro, promontorio situado no centro do núcleo urbano de Miño, cuxo desenvolvemento urbanístico ha de ter unha grande importancia para este municipio de Miño.

Os terreos delimitados no plan teñen unha superficie aproximada de 12,30 has. E o sistema de actuación sinalado é o de expropiación.

Estima esta Alcaldía que o desenvolvemento urbanístico do sector, tal e como vén expresado nos planos de ordenación, ha de realizarse non soamente como é obrigatorio cun escrupuloso cumprimento da legalidade urbanística en vigor, senón co maior grao de transparencia e ofrecéndolles aos veciños de Miño a oportunidade de que expresen os seus puntos de vista na elección do adxudicatario do desenvolvemento, logo da licitación pública e aberta correspondente.

Para a redacción do prego de condicións ao que ha de axustarse a licitación, debe formarse unha Comisión Informativa especial, na que estean representados todos os grupos políticos municipais que forman a actual Corporación municipal, a cal ha de contar con

asesoramento urbanístico e de enxeñaría, por iso, en uso das atribucións que me confire a Lei de réxime local 7/85 e o ROF, resolvo:

1º.- Constitúese unha Comisión Informativa especial, para a redacción do prego de condicións que ha de rexer na licitación do desenvolvemento urbanístico do sector de Piñeiro (S. UBLE R-3), de acordo co que establece o art. 124 do ROF, que presidida por esta Alcaldía, formarana un vocal de cada grupo político municipal:

Presidente: O alcalde titular.

Vocais: Polo grupo municipal CIM, a concelleira Dona Eva María Vilariño González.

Polo grupo municipal do PP, o concelleiro Don Jesús Veiga Sabín.

Polo grupo municipal do BNG, o concelleiro Don Miguel Anxo Abreira

Sobrado.

Polo grupo municipal do PSG-PSOE, o concelleiro Don Antonio Cortizas

Rodríguez.

Secretario: O secretario xeral da Corporación.

Esta comisión estará asistida por un asesor urbanístico e outro de enxeñaría, que serán nomeados pola Alcaldía, sen prexuízo da asistencia dos técnicos urbanísticos e xurídicos municipais.

2º.- Darlle conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre, para a ratificación e constitución da Comisión.”

O Pleno do Concello acorda por unanimidade, ratificar en tódalas súas partes os anteriores acordos quedando constituída a Comisión Informativa na forma proposta.

4.- CONTROL Ó EQUIPO DE GOBERNO.- MOCIÓNS.- O concelleiro do PSG-PSOE Sr. Cortizas Rodríguez, da lectura ó seguinte escrito: “ Don Antonio Cortizas Rodríguez, na súa condición de voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Miño, e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

TENDO EN CONTA.- Que no ano 2003 o número de inmigrantes superou, por primeira vez, a cifra de cidadáns españois que residen no exterior. Este feito, que xa se tiña producido con bastante anterioridade nos Estados do noso entorno, situou a sociedade española ante unha nova realidade que debe xestionarse colectivamente. España polo seu desenrolo e crecemento económico pasou de ser un país de inmigrantes a ser un país receptor de inmigración.

A diversidade é unha poderosa fonte de riqueza económica, social e cultural; pero para poder logralo é necesario impulsar un amplo conxunto de políticas encamiñadas a favorece-la integración social e garantiza-la convivencia cidadá.

Evidentemente, é fundamental reforzala seguridade nas zonas máis sensibles de cada municipio, aínda que convén ter en conta que a dimensión do reto ante o que nos encontramos fai necesaria a articulación de compromisos colectivos e a posta en marcha de políticas sociais de carácter transversal.

De cara a este obxectivo, o Goberno de España incluíu unha partida de 120 millóns de Euros nos Presupostos Xerais do Estado do ano 2005, que será xestionada polos Concellos a través das comunicacións Autonómicas destinada a promover a integración social destes novos cidadáns.

POR TODO ELO. O Grupo Municipal socialista do concello de Miño presenta para o seu debate e aprobación en pleno a seguinte **MOCIÓN:**

O pleno do Concello de Miño aproba impulsar un “**PACTO LOCAL POLA INTEGRACIÓN E A CONVIVENCIA**”, consensuado por tódolos grupos políticos, e no que participen empresarios, sindicatos e organizacións de inmigrantes destinado a:

- Reforza-los servizos públicos, as políticas sociais e a seguridade nas zonas máis sensibles da localidade, con especial atención á acollida e integración.
 - Prioriza-la loita contra o racismo e a xenofobia.
 - Diseñar, acordar e levar a cabo o **“Plan Municipal integral para a integración e a convivencia”**.
 - Facilita-la labor das organizacións de inmigrantes e de solidariedade, con especial atención ás organizacións xuvenís e de mulleres.
 - Solicitar ao Goberno da Comunidade Autónoma a partida orzamentaria necesaria para o financiamento das políticas anteriormente mencionadas.
 - Enviar copia deste acordo á Secretaría de Estado de Inmigración.”
- Sometida a votación a urxencia da moción antes dun debate é declarada por unanimidade da corporación.

A Presidencia sinala que votarán a favor na elaboración do Plan, pero este tema debe ser estudado polos servizos sociais, e reservámonos no que se refira ó compromiso presupuestario, que primeiramente haberá que valorar.

O concelleiro do BNG, Sr. Abraira Sobrado manifesta que parece que miramos para outro lado sobre esta problemática e haberá que adopta-las medidas necesarias ó noso alcance, para integrar na sociedade a algunhas persoas que se poidan sentir discriminadas, como as que execren a prostitución.

O Sr. Alcalde-Presidente indica que hai algunhas persoas que viven na marxinalidade e o Concello estaría disposto si a Lei nolo permite a incluír a estas persoas nos cursos de formación, asegúrovos continua, que dentro dos marxes que a lexislación nos permita, adoitaremos-las medidas necesarias e concretas, realizando o maior esforzo, xa que todos sabemos que incluso os poderes do Estado son incapaces de solucionar-lo problema.

A Presidencia somete a votación a moción e é aprobada por unanimidade.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.- O concelleiro do BNG Sr. Abraira Sobrado pregunta: “¿Considera a Alcaldía que as actividades culturais, deportivas e doutra índole que se están realizando no verán son suficientes para o fomento e consolidación do turismo?”

A Alcaldía responde que se contestará por escrito.

O mesmo concelleiro pregunta: “¿Considera a Alcaldía que a carta enviada aos veciños por Vd cando se pasou ó PP foi ideoloxicamente inacetabel e contraproducente, para o bon desenrolo do concello de Miño por fechar portas no actual goberno galego?”

A Presidencia indica que se contestará por escrito.

Non habendo máis asuntos, a Presidencia levanta a sesión ás trece horas e cincuenta minutos, redactándose a presente acta, de todo o que, eu o secretario titular, dou fe.

O alcalde,

O secretario,